



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DO PINO PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO ENTORNO DA CAPELA DE A MAGDALENA

I. Departamento que tramita o convenio.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto na disposición transitoria primeira do Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 119 do 23 de xuño), en relación co Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 126 do 4 de xullo).

II. Antecedentes.

A Xunta de Galicia, a través Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de cooperación co concello do Pino para a mellora de accesibilidade no entorno da Capela de A Magdalena.

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia busca garantir un equilibrio no territorio galego entre o medio rural e urbano, o interior e a costa que permita o desenvolvemento económico da totalidade do territorio e que os cidadáns galegos teñan unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados e converténdoo en motor do desenvolvemento económico rexional.

III. Finalidade.





Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello do Pino o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

IV. Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello do Pino para a mellora da accesibilidade no entorno da capela de A Magdalena, cun orzamento total de douscentos trinta e sete mil douscentos setenta e catro euros con sesenta e cinco céntimos (237.264,65) IVE incluído, cuxa desagregación se inclúe no anexo I do convenio, do cal forma parte.

V. Fundamentos do convenio.

O concello de O Pino ten unha poboación de en torno a 4.553 habitantes e está formado por 13 parroquias. O municipio é eminentemente rural agás a parroquia de Arca e concretamente a súa capital, O Pedrouzo, que se configura como o centro urbano onde se aglutina o sector servizos do municipio. Neste lugar atópanse a casa consistorial do concello, o Centro de Saúde, o CPI "Camiño de Santiago", o centro Sociocultural, entidades bancarias, hostais, albergues, hoteis, bares e restaurantes, supermercados, cuartel da garda civil.

Un dos recursos principais e motor de desenvolvemento económico co que conta este concello é o paso do Camiño Francés ao longo de 18 km de percorrido, rexistrándose anualmente milleiros de peregrinos que percorren o mesmo.

A área recreativa da Magdalena atópase na parroquia de Castrofeito, no entorno da Capela de a Magdalena, e conta cunha espectacular masa de carballos de gran porte, que é o escenario da Romería da Magdalena que se celebra el 22 de xullo, e está dotada de mesas e bancos.

O concello atendendo a súa responsabilidade como entidade garante do desenrolo persoal dos habitantes do concello, pretende preparar e acondicionar a o entorno da capela de A Magdalena para adecuala aos diversos usos e servizos que se levan a cabo no municipio.

O Concello do Pino manifestou a necesidade de asistencia por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a mellora do entorno da capela de A Magdalena e dotala dun espazo máis accesible e seguro.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa





ciudadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan os servizos de alumeadado público, subministro de auga, pavimentación de vías públicas, conservación de camiños públicos e de parques e xardíns.

A necesidade da colaboración solicitada á Vicepresidencia Primeira e Consellería acentúase pola confluencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrència á cal poida acollerse este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

Por outra banda, a falta de recursos dun concello pequeno para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público, e necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configura un contexto do cal se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de O Pino de afrontar en solitario os compromisos económicos que a execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a Facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de O Pino.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrència pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dese concello para a mellora das infraestruturas municipais.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrència pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para





articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

VI. Actuación da subvención

Preténdese a mellora do entorno da Capela de A Magdalena e dotala dun espazo mais accesible e seguro, para o cal sería necesario efectuar as seguintes actuacións:

- Pavimentación da zona en contacto coa capela, nunha superficie de 535 metros cadrados.
- Pavimentación do acceso á capela, nunha superficie de 615 metros cadrados.
- Pavimentación das sendas, nunha superficie de 555 metros cadrados.
- Canalización das pluvias.
- Canalización do alumeado.
- Colocación de 490 metros de pasarela de madeira técnica.
- Colocación de 2 mesas de pedra de granito, cos correspondentes 4 bancos de granito.
- Acondicionamento dos alcorques e noiros afectados con terra vexetal e plantación de céspede.

VII. Importe e aplicación orzamentaria.

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima de douscentos trece mil cincocentos trinta e oito euros con dezanove céntimos, IVE incluído, (213.538,19 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088). Esta cantidade representa o 90 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio, e que ascende a 237.264,65 (IVE incluído).

VIII. Memoria económica.

Para os efectos do requirido na Instrución núm. 3 da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma relativa ao contido mínimo das memorias económicas dos expedientes de gastos e ás comprobacións a realizar no marco de control interno respecto destas, este gasto ten natureza de investimento, e ten un orzamento total de 237.264,65 (IVE incluído) tal e como se desglosa no seguinte cadro:





PRESUPOSTOS PARCIAIS				
Código	Descrición	Cantidade	Prezo €	Importe €
	CAPÍTULO 01. Mellora de accesibilidade no entorno e da Capela de A Magdalena			
ACONDI	m² Acondicionamento de explanada Acondicionamiento da explanación, incluído nivelación e rasanteo para recibir o afirmado, incluso p.p. de desmonte ou terraplén ata unificar a rasante e limpeza de taludes e muros.	1.711,66	0,41	701,78
DRBARAN M	m Retirada de varanda madeira Desmontaxe e retirada de varanda, incluso demolición de sustentación, mesmo carga e transporte a vertedoiro.	420,00	8,36	3.511,20
EDESPCT	m² Despexe e desbroce Despexe e desbroce do terreo natural, mesmo retirada de árbores, p.p. de demolicións, carga e transporte de sobrantes a vertedoiro.	780,00	0,37	288,60
EPERTSM2	m² Apertura de sobreanchos. Apertura de explanación en sobreanchos en toda clase de terreo, mesmo transporte de sobrantes a vertedoiro, p.p. de demonte e terraplen propio ou aporte de material seleccionado, p.p. de corte de firme con serra de disco, perfilado, refino e compactado da subrasante.	650,00	3,50	2.275,00
DEMOLP	M2Demolición pavimento existente Demolición pavimento existente e preparación superficie para recibilo novo pavimento, incluso corte previo con serra de disco, nivelación e compactación, retirada de sobrantes a vertedoiro, completamente rematada.	410,00	4,75	1.947,50
EXZS	ML ML. escavación en zanja. Escavación en zanja en todo tipo de terreo para colocación de tubo, con transporte de sobrantes a vertedoiro, incluso p.p. de corte de firme existente e p.p. de esteamento con elementos de blindaxe s/planos para profundidades superiores a 2m. recheo e compactación, totalmente rematado e reposición de servicios afectados.	185,00	9,97	1.844,45





TPEC315S N8	ML Tubo PP corrugado 315 mm. SN-8 ML. tubo de PP corrugado de 315 mm. de diámetro para saneamento ou recollida de pluviais, segundo NORMA prEN 13476-1, SERIE SN-8, incluso p.p. de cóbados, derivacións e pezas especiais, cama de area, colocada e conexionada.	130,00	24,27	3.155,10
TPEC250S N8	m. Tubo PP corrugado 250 mm. SN-8 ML. tubo de PP corrugado de 250 mm. de diámetro para saneamento ou recollida de pluviais, segundo NORMA prEN 13476-1, SERIE SN-8, incluso p.p. de cóbados, derivacións e pezas especiais, cama de area, colocada e conexionada.	55,00	15,54	854,70
ARCSUM	Ud Arqueta con sumidoiro. Ud. arqueta de formigón con reixa e marco de fundición dúctil cadrada de 400mm, clase C 250 segundo Norma EN 124, completamente rematada.	10,00	160,24	1.602,40
EMBOC30	Ud Embocadura cano de 30 cm. Embocadura en aletas para cano de formigón de 30 cm. de diámetro, totalmente rematada, incluso escavación, segundo planos.	2,00	38,66	77,32
SPOZOC	Ud Pozo de rexistro en calzada. Ud. de pozo de rexistro circular de 1,0 m. e profundidade variable, realizado en aros prefabricados de formigón, incluso tapa e aro de fundición dúctil Ø600mm con indicativo de uso, clase D 400 segundo Norma EN 124 con xunta de polietileno, bloqueo automático por apéndice elástico e articulación, completamente rematado.	5,00	308,62	1.543,10
DVCAZR19 3	m Canle de fundición dúctil con reixa, clase D400 Subministro e colocación de canle de fundición de 750x140x120 mm e reixa de 745x 130 mm. de fundición dúctil atornillada á canle para 40 Tn de carga de rotura, clase 400. i/excavación, formigonado da base e das paredes laterais e p.p. de tubo de PVC Ø110 conexionado a rede . Totalmente conexionada e en funcionamento.	45,00	121,91	5.485,95
TC80	ML Canalización iluminación pública ML. canalización para alumeado público, a base de tubo de polipropileno verde Ø90mm, incluso arame guía, colocado.	440,00	2,65	1.166,00
ARQAP	Ud Arqueta prefabricada Alumbrado. Arqueta de iluminado publico, formada por prefabricado de formigón sen fondo de 50x50x50cm con arillo e tapa de fundición (clase D-250 ou D-400 segundo emprazamento), con inscrición de iluminado público e escudo concello, totalmente rematada.	10,00	103,46	1.034,60





Z	M3Firme zahorra Firme con zahorraartificial ZA 0/32 procedente de machucamento medido despois de compactado, incluso apertura de caixa e preparación da base.	85,58	21,70	1.857,09
U04VBP14 OM	m² Pav.Granito moreno.Serr.Abuxar.6 cm. Pavimento de lousas rectangulares de pedra de granito moreno, corte de sierra, cara superior labrada a buxarda fina, de 6 cm. de espesor, asentadas con morteiro de cemento sobre soleira de formigón HM-20/P/20/I, y 10 cm. de espesor, i/retacado, rexuntado con lechada de cemento e limpeza, rematado.	535,00	86,11	46.068,85
UPAVILIM	M2Reparacións puntuais pavimento lousas pétreas irregulares M2. Reparacións puntuais de pavimento pétreo do país de lousas irregulares en paseo e canal de conducción de auga, colocadas con morteiro de cemento e area de río 1/4, e/rexuntado.	50,00	9,84	492,00
FHORD15	m² Pavimento formigón desactiv. e=15 cm. Pavimento continuo de formigón, de central, fabricado con árido de machaqueo máximo 8 mm., armado con mallazo de reparto (Ø8 20x20), encofrado de borde, colocado en capa uniforme de 15 cm. de espesor e atacado superficialmente con líquidos desactivantes de fraguado para deixar o árido descuberto de 2/3 mm., i/preparación da base, 5 cm de gravilla de regularización, estendido, regreado, vibrado, aplicación de aditivos, impresión curado, p.p.. de xuntas, lavado con auga a presión e aplicación de resinas de acabado, todo elo con produtos de calidade, tipo Paviprint ou equivalente.	1.176,66	30,63	36.041,10
HORP	M3Formigón en pavimento Formigón HM-20 en execución de pavimento, incluso limpeza e preparación base, incluso p.p. de malla electrosoldada 15*15*6, e xuntas de dilatación, maestreado, regrado, vibrado e curado.	8,55	162,75	1.391,51
UBORPIED	m Bordo de granito 15 x 25 cm Bordo de granito de 15x25 cm bordes biselados, colocado sobre cama de 10 cm de formigón HM-20, incluído preparación de base e encintado.	8,00	35,84	286,72





UBORC7	m Bordo prefabricado C-7 Bordo montable prefabricado de formigón tipo C-7, de 4 e 20 cm de bases superior e inferior e 22 cm de altura colocado sobre cama de 10 cm de formigón HM-20, incluído rexuntado e limpeza, incluída a escavación previa e o recheo posterior.	270,00	16,20	4.374,00
UBENVRV 904	m Varanda rural madeira técnica Suministro e instalación de varanda rural de madeira técnica, fabricada en plástico reciclado (sen mantemento), composta por postes cilíndricos de 15 cm diámetro e 150 cm lonxitude e dous travesaños Ø80x2250 mm. Inclusive ancoraxes e pp. de parafusería. Totalmente rematada e colocado.	490,00	67,28	32.967,20
FMPGP	m³ Perpiños de pedra granítica Execución de muro fabricado con perpiños rectangulares de pedra granítica con acabado rústico nas caras vistas e aserrado no resto, cantos sen labrar, sentados a xunta encontrada sobre morteiro. Totalmente colocado con pp de preparación, nivelado e aplomado de pedras	0,88	166,18	146,24
PESAPS6	Ud Mesa de pedra granítica acabado serrado (6 m.). Subministro e colocación de mesa de pedra granítica, composta de tapa cimeira de dimensións 6.000x700x150 mm. de espesor, patas de 500x150x1.000 mm. de altura, todo elo serrado con cantos biselados, incluído encastramento e dúas dados de cimentación de formigón en masa, incluída nivelación, o reformulo, etc.	2,00	1.899,27	3.798,54
BANCOPS 6	Ud Banco de pedra granítica acabado serrado para mesa de 6 m. Subministro e colocación de banco de pedra granítica, composto de tapa-asento de dimensións 6.000x400x150 mm. de espesor, patas de 300x150x650 mm. de altura, todo elo serrado con cantos biselados, incluído encastramento e dados de cimentación de formigón en masa, incluído nivelación, o replanteo, etc.	4,00	966,46	3.865,84
UTIERRV	m³ Suministro-extendido terra vex. M3 Aportación e extendido terra vexetal, con medios mecánicos, suministrada a granel e perfilada a man, totalmente rematada	103,15	10,40	1.072,76
UCESPED	m² Plantación de céspede. M2 Formación de céspede por semilla, mezcla de Agrotis, Lolium, Festuca e Poa, incluso preparación do terreo, sementeira, mantillo e cultivo ata a súa total implantación.	210,50	3,34	703,07





UECON4	ud Estrutura cubrecolector (4 colectores lixo) de madeira técnica Estrutura con pilares e duelas de madeira técnica con capacidade para catro colectores (3,5 lx1,6 a x1,2 h m.) con porta dobre folla de acceso, bisagras e pasador co obxecto de ocultar a visión dos colectores de plástico. Inclusive postes, ancoraxes e pp. de parafusería. Totalmente rematado e colocado.	1,00	1.852,54	1.852,54
ALZ1	PA Limpeza, reposicións e imprevistos A xustificar en limpeza, reposicións e imprevistos.	1,00	1.500,00	1.500,00
ALZ2	PA Retirada en elemento ornamental A xustificar retirada de elemento ornamental	1,00	1.000,00	1.000,00
	<i>TOTAL CAPÍTULO 01. Mellora de accesibilidade no entorno da Capela De A Magdalena</i>			162.905,16
Código	Descrición	Cantidade	Prezo €	Importe €
	CAPÍTULO XR Xestión de residuos			
	Ud Xestión residuos. Xestión de residuos de construción e demolición.	1,00	1.873,41	1.873,41
	<i>TOTAL CAPÍTULO XR Xestión de residuos.....</i>			1.873,41

RESUMO ORZAMENTO

Descrición	Importe
01. Mellora de accesibilidade no entorno Capela de A Magdalena.....	162.905,16





XR Xestión de residuos.....	1.873,41
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL.....	164.778,57
13,00 % Gastos xerais.....	21.421,21
6,00 % Beneficio industrial.....	9.886,71
<i>PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN (sen I.V.E.).....</i>	196.086,49
<i>Ascende o Presuposto Base de Licitación sen I.V.E. á expresada cantidade de CENTO NOVENTA E SEIS MIL OITENTA E SEIS EUROS con CORENTA E NOVE CÉNTIMOS</i>	
21,00 % I.V.E.....	41.178,16
<i>PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN (con I.V.E.).....</i>	237.264,65
<i>Ascende o Presuposto Base de Licitación con I.V.E. á expresada cantidade de DOUSCENTOS TRINTA E SETE MIL DOUSCENTOS SESENTA E CATRO EUROS con SESENTA E CINCO CÉNTIMOS</i>	

O proxecto subvencionado non inclúe gastos de persoal e non se trata de gastos recorrentes, polo que non procede a inclusión dos cadros "1.2. Detalle cadro persoal", "Anexo II – modelo cadro orzamento desagregado por tipoloxía de gasto para gastos recorrentes".

Por último, para dar cumprimento ao requirimento do apartado f) da Instrución da IXCA, procédese a territorializar a concesión da subvención que se instrumentará mediante o convenio que nos ocupa:

Provincia	Porcentaxe
1500000-A Coruña	30 %
2700000 - PROVINCIA DE LUGO	20 %
3200000 - PROVINCIA DE OURENSE	20 %
3600000 -PROVINCIA DE PONTEVEDRA	30 %

IX. Coherencia co Plan Estratéxico de Galicia.

Estímase que esta actuación é coherente co Plan estratéxico de Galicia, correspondéndose cos seus:





Eixo E5, "Gobernanza"

- Prioridade de actuación PA01, "Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e avaliación das políticas públicas, empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade."
- Obxectivo estratéxico E03, "Organizacións públicas integras. Unha administración lexitimada e respectada diante da cidadanía pola súa integridade e boa xestión"
- Obxectivo operativo OO01, "Accións para o aumento da eficiencia das administracións públicas, como parte da reforma da administración pública e do sector público, cunha estratexia integrada que trate as disfuncións institucionais existentes no conxunto da administración autonómica"

Indicador	Tipo Indicador	Valor previsión
P00076/Entidades beneficiadas	5-PEG	7

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

A secretaria xeral técnica

Elena Muñoz Fonteriz

